



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica		Código	613G02006
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando		Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando		Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es
	Santos Paz, Jose Carlos			j.c.santos@udc.es
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina		A29	
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos		A1	B5
		A2	B8
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental		A13	B1
Sintetizar e valorar criticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos		A11	B7
		A13	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información, adquirindo capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos			B1
			B2
			B3



Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia da literatura galega	A14	B5	
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva	A14	B6	C6
Apreciar a diversidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Aspectos de historia da lingua latina	1.1 O latín, lingua indoeuropea 1.2 Etapas da historia da lingua latina 1.3 Linguas en contacto co latín 4. O paso do latín ás linguas romances
2. Sistema fonético do latín e a súa evolución ás linguas romances	2.1 Vocalismo e acentuación 2.2 Consonantismo 2.3 Principais liñas de evolución fonética ás linguas romances
3. Sistema morfolóxico do latín e a súa evolución ás linguas romances	3.1. O sistema verbal e a súa evolución 3.2 O sistema nominal e a súa evolución 3.3 Os pronomes: do latín ás linguas romances
4. Procedementos de organización sintáctica	4.1 Funcións e usos dos casos; a súa evolución e perda 4.2 As preposicións; a súa evolución 4.3 Principais procedementos de coordinación e subordinación
5. Aspectos do léxico latino	5.1. Mecanismos de formación de palabras 5.2 Empréstitos do grego e de outras linguas 5.3 Aspectos do cambio semántico na historia do latín
6. O contexto social e cultural da literatura latina antiga	6.1. Relacións entre a literatura romana e a grega 6.2 Funcións e usos da literatura 6.3. Os autores e o público 6.4. As etapas da historia da literatura latina antiga
7. Caracterización xeral dos xéneros poéticos non teatrais	7.1 poesía narrativa e didáctica 7.2 elegía 7.3 lírica 7.4 epigrama 7.5 bucólica 7.6 sátira 7.7 epístola poética
8. Caracterización xeral dos xéneros teatrais	8.1 Orixes e evolución do teatro en Roma 8.2. A comedia: palliata e togata 8.3. A traxedia; cothurnata e praetexta 8.4. O teatro popular: satura, fabula atellana, mimo
9. Transmisión e recepción dos textos	9.1. Transmisión manuscrita: volumes, códices, epigrafía 9.2. Transmisión impresa 9.3. Marcos da recepción literaria: lecturas públicas, espectáculos, escola, bibliotecas etc
10. Practicum: as Metamorfoses de Ovidio	10.1. Contextualización: autor e época 10.2 A cuestión do xénero poético 10.3 O contido: materia mitográfica, sentido da composición 10.4 A recepción das Metamorfoses na literatura e nas artes

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 A29 B5	30	0	30
Lecturas	A13 B3 B6 B7 B8 C3	0	25	25
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 A14 B1 B2 C1	30	60	90
Proba obxectiva	A2 A13 C1 C6	3	0	3
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.
Lecturas	Lectura por conta do/a estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e/ou controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito.
Análise de fontes documentais	Exercicios de análise e de comentario lingüístico e literario a propósito dos diversos temas e subtemas do programa. Poderán ser de carácter oral, no curso das sesións prácticas, ou escrito, en forma de actividades avaliábeis de carácter individual.
Proba obxectiva	Proba 1, sobre os cinco primeiros temas (cuestións de lingua latina), que se realizará en metade do cuatrimestre Proba 2, sobre os cinco últimos temas (cuestións de literatura latina), que se realizará na fin do cuatrimestre

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Todos os estudantes poderán asistir, por iniciativa propia, a titorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas. O profesor tamén poderá convocar a calquera estudante a titorías individuais en caso de consideralo oportuno. Os estudantes con dispensa académica ou matrícula a tempo parcial terán as mesmas condicións de avaliación que os restantes. Únicamente se recomenda para eles unha maior frecuencia de sesións de titoría individual a través de Temas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 A14 B1 B2 C1	Un 40% da cualificación final resultará dos exercicios prácticos (de análise lingüística, de comentario literario de textos etc) propostos aos estudantes durante as sesións prácticas ou resoltos de xeito autónomo.	40
Lecturas	A13 B3 B6 B7 B8 C3	O/a estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor mediante un control de lectura.	10
Proba obxectiva	A2 A13 C1 C6	O estudante efectuará dúas probas: unha en metade do cuatrimestre, sobre cuestións de lingua (cinco primeiros temas) e outra a fins do cuatrimestre sobre cuestións de literatura (cinco últimos temas).	50

Observacións avaliación



As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas obxectivas, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.

A cualificación mínima para aprobar a materia, resultado da suma das puntuacións acadadas polas distintas actividades de avaliación programadas, será de 5.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xunio farán en xullo unha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre cuestións de lingua e de literatura, cuxo contido se limitará a a aquelas partes que non tivesen superado previamente.

De non realizar as probas obxectivas previstas o estudante será cualificado como Non Presentado.

A avaliación da convocatoria extraordinaria de decembro consistirá nunha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre contidos de lingua e de literatura.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" artigo 14).

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información

Bibliografía básica	- Codoñer, Carmen (ed.) (1997). Historia de la literatura latina. Madrid. Cátedra - Hacquard, George (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid. Palas Atenea - Molina Yébenes, José (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona. Univ. de Barcelona - González Rolán, Tomás & Rubio, Lisardo (1985). Nueva gramática latina. Madrid. Coloquio - Lloyd, Paul M. (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid. Gredos - Reynolds, Leighton D. & Wilson, Nigel G. (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid. Gredos - Rubio, Lisardo (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones Clásicas - Stroh, Wilfried (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona - Irene Vallejo (2020). El Infinito en un junco : la invención de los libros en el mundo antiguo. Madrid, Siruela - Ovidio (2004). Metamorfosis. Santiago, Xunta de Galicia - Ovidio (2001). Metamorfosis. Madrid, Cátedra The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Bibliotheca Augustana https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/ Analecta Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías